



MEDIDAS OBRIGATORIAS A TOMAR POLA HOSTALERÍA

Segundo a ORDE do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da Covid-19 na Comunidade Autónoma de Galicia (ANEXO I, apartado 3.22):

- A capacidade máxima permitida no interior será dun 30%.
- A capacidade máxima permitida en terraza será dun 50%.
- Non se poderá prestar servizo na barra.
- A ocupación máxima das mesas ou agrupación de mesas será de catro persoas non conviventes.
- O horario de peche ao público será ás 18:00 horas.
- Poderán prestar servizo de recollida no local ata as 21:30 horas.
- Poderán prestar servizo de entrega a domicilio ata as 00:00 horas.

Segundo a ORDE do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalería segura da Comunidade Autónoma de Galicia:

- A persoa responsable do establecemento deberá dispoñer, en soporte físico, da documentación acreditativa das superficies utilizadas para os cálculos das capacidades. (Apartado Segundo. Capacidades máximas e responsabilidade)
- Para o cálculo da capacidade interior, deberá excluír os m² correspondentes aos aseos, á barra e á zona interior da barra. (Apartado Terceiro. Capacidade interior e porcentaxe máxima de uso).

Nome do establecemento
Restaurante "A boa comida"

INTERIOR

Aforo interior máximo en condicións normais: persoas

EXTERIOR

Aforo exterior máximo en condicións normais: persoas

Porcentaxe de uso máximo no exterior: %

Aforo exterior máximo nas condicións actuais: persoas

Non coñece o seu aforo interior máximo? [Calcúleo facendo clic aquí](#)

Superficie útil total: m²

Superficie dos aseos: m²

Superficie da barra e interior da barra: m²

Aforo interior máximo en condicións normais: persoas

Cancelar

Porcentaxe de uso máximo no interior: %

Aforo interior máximo nas condicións actuais: persoas

- Dispoñer do cartel con toda a información do aforo en lugar visible. Deberán utilizar os modelos de cartel da páxina web <https://coronavirus.sergas.gal/> (Apartado Quinto. Información para as persoas usuarias) (a partir das 00:00 horas do 5 de marzo).



- Tanto no interior como no exterior, as mesas e cadeiras montadas deberán corresponderse coas capacidades permitidas en condicións normais, e procederán a inutilizar, mediante bandas e adhesivos, as mesas e cadeiras que sexan necesarias para que só poidanse utilizar as correspondentes ás porcentaxes máximas de uso en cada momento.

A distribución das mesas e cadeiras deberá respectar, en todo momento, as distancias mínimas se separación previstas polas autoridades sanitarias (1,5 metros). (Apartado Sexto. Regras básicas sobre disposición do mobiliario)

- Deberán obter un código QR na web <https://coronavirus.sergas.gal/> (Apartado Sétimo. Rastreabilidade) **(a partir das 00:00 horas do 5 de marzo)**.

Medidas que supoñen un perigo grave e inminente para as persoas: **(Apartado Oitavo. Seguimento e inspección).**

- Incumprimento xeneralizado das distancias de seguridade interpersoal.
- Incumprimento do uso obrigatorio da máscara, cando non sexa meramente singular, puntual ou episódico.
- Presenza de persoas con sintomatoloxía compatible con COVID-19.
- Presenza de persoas sometidas a illamento ou corentena.
- Incumprimento grave das medidas de limpeza e desinfección.
- Incumprimento das medidas relativas á capacidade máxima.
- Existencia de aglomeracións de persoas no interior ou exterior.
- Incumprimento das medidas relativas á agrupación máxima de persoas por mesa.

En caso do incumprimento das medidas anteriores, os axentes dos corpos e forzas de seguridade poderán adoptar de forma directa, despois de requirimento ás persoas responsables do local e no caso de que este non fose atendido, das seguintes medidas:

- Suspensión inmediata da actividade e desaloxo e precinto do establecemento.
- Aqueloutras medidas que se consideren necesarias, coa debida proporción.